



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PALAS DE REI, O DÍA 25 DE
SETEMBRO DO ANO DOUS MIL QUINCE.**

ASISTEN

PRESIDENTE

D. Pablo José Taboada Camoira .

CONCELLEIROS

D. Fernando Alfredo Pensado Barbeira.

D^a. M^a Aurora Vila Agra.

D. Amando Sande Agra.

D^a. Alba Villasante Torres.

D. José Ramón García Vázquez.

D. Jesús Fandiño Sánchez

D. Horacio Rouco Ferro.

D. José Sabino Prieto Vázquez.

D^a. Noelia Vázquez Paredes.

SECRETARIO-INTERVENTOR

D. Iván Ponte Mahía.

Faltaron con escusa o Concelleiro : D. José Ramón López Bruzos.





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374016
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

Sendo as catorce horas do día vintecinco de setembro do ano dous mil quince, reúnen-se no Salón de Plenos da Casa do Concello, o Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria en primeira convocatoria, coa asistencia dos señores concelleiros relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Pablo José Taboada Camoira, actuando como Secretario – Interventor D. Iván Ponte Mahía, que da fé do acto.

Constituída válidamente a sesión, de conformidade co disposto no art. 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión co seguinte orde do día :

PUNTO PRIMEIRO.- EXAME E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO ECONÓMICO 2014.

O Sr. Alcalde toma a palabra e fai un resumo da proposta de alcaldía que se presenta ó pleno e que di, de maneira literal, o seguinte:

“Visto o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia da Lugo número 187, de 17 de agosto de 2015, mediante o cal se expoñía ó público a conta xeral do exercicio 2014 por un prazo de quince días hábiles, durante os cales e oito máis os interesados tiveron ocasión de examinala e formular contra a mesma as alegacións que estimaran convenientes.

Considerando que durante o citado prazo non se presentou alegación algunha no rexistro de entrada de documentos do Concello.

Considerando o establecido no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Por esta Alcaldía propónse ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- *Prestar aprobación á Conta Xeral deste Concello correspondente ó exercicio económico 2014, tal e como se dispón no parágrafo 4 do artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

SEGUNDO.- *Que unha vez debidamente aprobada se renda dita Conta ó Consello de Contas, de conformidade co disposto no parágrafo 5 do artigo 212 do aludido Real Decreto Legislativo”.*





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

Ante a ausencia de debate, o Pleno, cos votos a favor dos 7 concelleiros do PP e co voto en contra dos 3 concelleiros do PSG-PSO, e por tanto por maioría absoluta dos membros presentes no Pleno, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á Conta Xeral deste Concello correspondente ó exercicio económico 2014, tal e como se dispón no parágrafo 4 do artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

SEGUNDO.- Que unha vez debidamente aprobada se renda dita Conta ó Consello de Contas, de conformidade co disposto no parágrafo 5 do artigo 212 do aludido Real Decreto Lexislativo”.

PUNTO SEGUNDO.- EXAME E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 27/2015.

O Sr. Alcalde toma a palabra e fai un resumo da proposta de alcaldía que se presenta ó pleno e que di, de maneira literal, o seguinte:

“Vista a existencia de gastos que non se poden demorar ata o seguinte exercicio, para os que o crédito consignado no vixente orzamento da corporación é insuficiente e non ampliable, e xa que cabe efectuar transferencias de créditos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas pertencentes a aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal.

Visto o informe de Intervención do día 16 de setembro, así como o certificado de dispoñibilidade de crédito a minorar.

Visto o informe- proposta de resolución do secretario- interventor de data 18 de setembro;

Visto todo o que antecede, o Sr. Alcalde propón ó Pleno do Concello de Palas de Rei o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. *Que se aprobe o expediente de modificación de créditos num. 27/2015 na modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinto área de gasto, de acordo co seguinte detalle:*





Altas en aplicacións de gastos

<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Descrición</i>	<i>Euros</i>
165.22100	<i>Enerxía eléctrica en Alumado.</i>	<i>5.000,00 €</i>
162.22700	<i>Limpeza e aseo en Recollida, eliminación e tratamento de Residuos.</i>	<i>25.000,00 €</i>
453.21400	<i>Reparacións, mantemento e conservación de material de transporte en Vías.</i>	<i>35.000,00 €</i>
	TOTAL GASTOS	65.000,00 €

Baixa en aplicacións de gastos

<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Descrición</i>	<i>Euros</i>
011.31000	<i>Intereses en Débeda Pública</i>	<i>25.000,00 €</i>
011.91300	<i>Amortización en Débeda Pública</i>	<i>40.000,00 €</i>
	TOTAL GASTOS	65.000,00 €

SEGUNDO. *Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante ese prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas."*

Unha vez que o Sr. Alcalde presentou a proposta de Alcaldía, toma o turno de palabra o Sr. Rouco Ferro.

O Sr. Portavoz do PSG-PSOE, Sr. Rouco Ferro, pregunta ó Sr. Secretario o motivo de que na aplicación orzamentaria que corresponde ós intereses se poida facer unha baixada da súa consignación orzamentaria en 25.000,00 euros.

O Sr. Secretario responde que esta modificación de créditos é consecuencia da substitución da operación de crédito derivada do Fondo a provedores e que permitiu baixar os xuros dunha maneira sustancial, supoñendo un aforro en gastos financeiros para ó concello. Asimesmo, afirma que a substitución de dita operación tamén trouxo como consecuencia que se puidera ampliar o periodo de carencia xa que, na nova operación hai un periodo de carencia dun ano, mentres que na anterior xa se tiña que amortizar durante o presente ano 2015.





O Sr. Rouco considera que esta substitución da operación de crédito o que pon de manifesto e que se trata dunha fuxida para adiante do equipo de goberno e por iso o seu grupo político vai votar que non.

O Sr. Alcalde adianta que o seu grupo vai votar a favor de que se produza esta modificación de crédito e, en resposta o Sr. Rouco Ferro, afirma que a substitución da operación de crédito do fondo a provedores non se trata dunha fuxida para adiante senón que se trata dunha xestión que o único que produce é unha redución importante da taxa de xuro e, polo tanto, unha redución dos costes financeiros para o concello durante os próximos anos.

Ante a ausencia de máis debate, o Pleno, cos votos a favor dos 7 concelleiros do PP e co voto en contra dos 3 concelleiros do PSG-PSOE, decide ACORDAR:

PRIMEIRO. Que se aprobe o expediente de modificación de créditos núm. 27/2015 na modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinto área de gasto, de acordo co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación orzamentaria	Descrición	Euros
165.22100	Enerxía eléctrica en Alumeado.	5.000,00 €
162.22700	Limpeza e aseo en Recollida, eliminación e tratamento de Residuos.	25.000,00 €
453.21400	Reparacións, mantemento e conservación de material de transporte en Vías.	35.000,00 €
	TOTAL GASTOS	65.000,00 €

Baixa en aplicacións de gastos

Aplicación orzamentaria	Descrición	Euros
011.31000	Intereses en Débeda Pública	25.000,00 €
011.91300	Amortización en Débeda Pública	40.000,00 €
	TOTAL GASTOS	65.000,00 €

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante ese prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

PUNTO TERCEIRO.- DEBATE E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DETERMINACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2016.

O Sr. Alcalde toma a palabra e fai un resumo da proposta de alcaldía que se presenta ó pleno e que di, de maneira literal, o seguinte:

“Vista a comunicación recibida no Concello de Palas de Rei por parte da Delegación Territorial de Lugo da Xunta de Galicia a través da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar onde se nos insta a notificar antes do día 30 de setembro de 2015 os días que se fixan como festas locais no Concello de Palas de Rei para o ano 2016;

Visto que os días de festivo local non deben coincidir en domingo nin en ningún dos días sinalados como festivos autonómicos ou estatais;

Visto todo o que antecede, o Sr. Alcalde propón ó Pleno do Concello de Palas de Rei o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Establecer como días festivos locais do municipio de Palas de Rei os seguintes:

- 28 de xaneiro, día de San Tirso.
- 14 de setembro, día do Ecce Homo.

SEGUNDO.- Notificar os días festivos locais do municipio de Palas de Rei para o ano 2016 antes do 30 de setembro a Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Delegación Territorial de Lugo da Xunta de Galicia.”

Ante a ausencia de debate, o Pleno por unanimidade dos membros presentes na sesión plenaria, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Establecer como días festivos locais do municipio de Palas de Rei os seguintes:

- 28 de xaneiro, día de San Tirso.
- 14 de setembro, día do Ecce Homo.

SEGUNDO.- Notificar os días festivos locais do municipio de Palas de Rei para o ano 2016 antes do 30 de setembro a Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Delegación Territorial de Lugo da Xunta de Galicia.”





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Presidente da por remado o acto, e levanta a sesión as catorce horas e vinte minutos, de todo o que eu, como Secretario, dou fé;

O ALCALDE

